

El Río del Covo



Úa vista da Roda (Tapia)

↓ Everardo Fernández González

Pode ser que naide ouguise falar del Río del Covo máis qu'os que vivimos cerca d'él, na Roda (Tapia). Nace nas estribacións del Pico de Faro máis ben hacia el Este, núa fonte que ye chaman A Fonte del Humeiro. Pode ser qu'esa seña el comenzo, pro según bai baxando pra baxo —porque este río tamén corre pra baxo—,

vai recoyendo máis fontes, porque en todo el trayecto hai fontes asgaya. Por se fora pouco, al cruzar el tunel del tren por debaixo da Roda, agarróu as que nacen al outro llado da capital da parroquia. Nun é que ye fixesen falta as del outro llado porque antias xa era abondo abundante como pra mover tres molíos en tempos xa mui atrás. Ún inda ta en pé, anque mui abandonado.

Toda a vida, desde eu nacín — que chovéu cerca de 80 anos—, houbo secas mui llargas, pro nunca secóu. Era truiteiro en abundancia: ¡cóntas temos pañado a mao y con un esquileiro de paso qu'íbamos al herba! ¡Y qué truitas! Pro eso pasóu á historia como muitas máis cousas.

A riqueza que repartíu El Río del Covo y a que ta repartindo é incalculable. Antias, porque regaba mui-

tos días d'aradura de prado y el que tía un prado regadío dicíase qu'era rico, tía muitos llavadoiros feitos na mesma terra unde iban llavar a roupa as muyeres nel brao condo secaban cuase todos os pozos, bebían as vacas y os caballos... Era úa delicia verye correr.

Dicía que seguía repartindo riqueza pro d'outra manera porque agora os prados regadíos tán d'artos y toxos, truitas nun se conocen hai

muito tempo, os molíos pasaron a meyor vida, os llavadoiros desaparecieron...

pro aquella auga cristalina y guapa ta dentro das casas porque se convertíu en traída hai xa muitos anos y os llavadoiros convertíronse en llavadoras, pro coa mesma auga del Río del Covo. Así que, se antias xeneraba riqueza, agora sigue col mesmo fin porque ¿qué máis riqueza que ter el auga dentro da casa prá xente y pral gado?

El nome del Río del Covo nun é el único: ten varios nomes que vai agarrando d'acordo col sito por unde pasa: empeza chamándose El Río da Cal, del Barrancón, das Veigas, del Covo, del Rego del Molín y Xabariz, qu'é unde se xunta col de Porcía. Hoi, coa seca qu'hai, sigue correndo abundantemente. Había que ferye un monumento. 

